

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 16 DE ABRIL DE 2024**

### **PRESIDENTA:**

A alcaldesa, D<sup>a</sup>. María Dolores Pan Lesta

### **ASISTENTES:**

D. Juan González Leirós  
D. Daniel Mallo Castro  
D. Ramón Boga Moscoso  
D. David López Saborido  
D<sup>a</sup> María Yolanda Díaz Baldomir

### **INTERVENTORA MUNICIPAL:**

D.<sup>a</sup> Lucía Mata Rodríguez

### **SECRETARIA XERAL:**

D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día dezaseis de abril do ano dous mil vinte e catro, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D<sup>a</sup>. María Dolores Pan Lesta, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Juan González Leirós, D. Daniel Mallo Castro, D. Ramón Boga Moscoso, D. David López Saborido e D<sup>a</sup> María Yolanda Díaz Baldomir.

Asisten á sesión a interventora municipal, D.<sup>a</sup> Lucía Mata Rodríguez, e actúa como secretaria xeral, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 9 DE ABRIL DE 2024**

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 9 de abril de 2024, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 9 de abril de 2024.

## **2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA**

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Ministerio do Interior, Orde INT/309/2024, de 9 de abril, pola que se modifica o anexo 9 do Real decreto 605/1999, de 16 de abril, de regulación complementaria dos procesos electorias. BOE núm. 89, de 11-04-2024.

- Presidencia da Xunta de Galicia, Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia. DOG núm. 73, de 14-04-2024.

- Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, pola que se dá publicidade das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (Diario Oficial de Galicia número 85, do 4 de maio). DOG núm. 74, de 15-04-2024.

- Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. Sección de Promoción Económica e Emprego da excma. Deputación provincial da Coruña, resolución de Presidencia número 14436/2024, de 11 de abril, pola que se aproba a concesión definitiva do programa de subvención FOO23B/2024. Convocatoria do programa de socorrismo dirixido a concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2024. BOP núm. 73, de 15-04-2024.

- Presidencia do Goberno, Real decreto 363/2024, de 9 de abril, polo que se convocan eleccións de deputados e deputadas ao Parlamento Europeo. BOE núm 93, de 16-04-2024.

### **3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 5 ao 11 de abril de 2024, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 432/2024 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 460/2024, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
432/2024	05-04-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 9 de abril de 2024
433/2024	05-04-2024	Arquivar o expediente incoado aos herdeiros de JMBP para a corrección dos vertidos existentes na finca sita en Brexo, xa que como queda acreditado no expediente os materiais residuais foron retirados
434/2024	05-04-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 25/03/2024, xa que segundo o disposto no artigo 22.1, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, o límite de ingresos da unidade de convivencia é superior ao establecido. Solicitante: EdosS
435/2024	05-04-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: JAPG
436/2024	05-04-2024	Declarar a caducidade da acción para a reposición da legalidade con respecto ás obras realizadas en Santa María de Vigo, denunciadas no expediente instruído a VB, SL e aos herdeiros de JMBB, ordenando o arquivo das actuacións practicadas
437/2024	05-04-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 3 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: SRR
438/2024	05-04-2024	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Comisión Informativa de Presidencia, Desenvolvemento Asociativo, Economía, Facenda e Réxime Interior do día 8 de abril de 2024
439/2024	05-04-2024	Arquivar o expediente incoado a MPQA pola existencia de materiais residuais na parcela sita en Anceis, xa que como queda acreditado no expediente se retiraron os materiais residuais existentes na antedita parcela
440/2024	05-04-2024	Convocatoria de sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Voceiros do día 8 de abril de 2024
441/2024	08-04-2024	Conceder a licenza para a instalación dunha terraza consistente en sete mesas con catro cadeiras cada unha durante o ano 2024 fronte ao mesón situado na rúa Río Brexa, A Barcala, Cambre, condicionado a que a terraza se instale fronte á fachada do establecemento sen exceder a fronte do local e deixando libre un espazo mínimo de 2 metros para permitir o paso de peóns, cadeiras de bebé e persoas con mobilidade reducida. Solicitante: RFC
442/2024	08-04-2024	Convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 11 de abril de 2024
443/2024	08-04-2024	Rectificar o apartado primeiro da parte dispositiva da Resolución da Alcaldía nº 392/2024, do 27 de marzo, no seguinte senso: Onde di: "Primeiro.- Comparecer no procedemento abreviado 303/2023-M perante o Xulgado Contencioso-Administrativo número 2 de A Coruña exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada.... debe dicir: "Primeiro.- Comparecer no procedemento abreviado 313/2023-M perante o Xulgado Contencioso-Administrativo número 2 de A Coruña exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada...
444/2024	08-04-2024	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal, no informe de data 1 de abril de 2024. Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas con reparos suspensivos da intervención por importe total de 27.331,34 euros
445/2024	09-04-2024	Conceder a licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, 3 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, e 9 do Regulamento de servizos das corporacións locais. Solicitante: APJdosS
446/2024	09-04-2024	Reestruturar as áreas de goberno creadas por Resolución da Alcaldía núm. 1165/2023, do 4 de xullo
447/2024	09-04-2024	Adxudicar o contrato para a "subministración de equipos de protección individualizada (EPI's) para o desenvolvemento dos cursos do Plan AFD 2023 - 2024 e do Obradoiro de Emprego "Proxedis Socio SanitarioEducativo 2023 – 24" á empresa SELA SAFETY S.L., no prezo ofertado de 10.317,06 € sen IVE, 12.483,64 € (IVE incluído), por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, o factor prezo



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

448/2024	09-04-2024	Arquivar o expediente ao quedar acreditado que actividade denominada LX, sita na rúa Tapia, O Temple, cumpre cos valores límite para os períodos día e tarde esixidos tanto no Real decreto 1367/2007, que desenvolve a Lei 37/2003 do ruído, como na Ordenanza de protección contra a contaminación acústica do Concello de Cambre
449/2024	09-04-2024	Declarar a caducidade do expediente ao ter transcorrido o prazo máximo para resolvelo sen que se tivera notificado ao interesado resolución expresa. Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística a MLV co obxecto de determinar a compatibilidade co ordenamento urbanístico vixente das obras consistentes na construción dun peche perimetral e a instalación dunha piscina e dúas casetas prefabricadas sen gardar o recuamento ao lindeiro, todo o anterior sen título habilitante municipal
450/2024	09-04-2024	Rectificar o erro material Resolución nº 385/2024. Asignación número vivendas a instancia de SI.S.L.
451/2024	09-04-2024	Corrixir o erro detectado no primeiro parágrafo da parte expositiva da Resolución da Alcaldía núm. 415/2024, do 2 de abril, no seguinte xeito: Onde di: "Vista a ausencia por incapacidade temporal de longa duración da funcionaria dona MMdJS." Debe dicir: "Vista a ausencia por incapacidade temporal da funcionaria dona MMdJS."
452/2024	09-04-2024	Considerar desistido a JJDM da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 19/1/2024, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
453/2024	09-04-2024	Conceder a licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, 3 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, e 9 do Regulamento de servizos das corporacións locais. Solicitante: FGLdeO
454/2024	10-04-2024	Cesar como cuarta tenente de alcaldesa á concelleira MCPM
455/2024	10-04-2024	Cesar como membro da Xunta de Goberno Local á concelleira MCPM
456/2024	10-04-2024	Adxudicar o contrato para a "subministración de material de papelería e oficina para o desenvolvemento do Obradoiro de Emprego "Proxedis Socio Sanitario - Educativo" 2023 - 24 e dos cursos do Plan Formativo para o Emprego AFD 2023 - 2024, á empresa BURO PLANET S.L.U., no prezo ofertado de 7.061,32 € sen IVE, 8.535,80 € (IVE 21% incluído), por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo
457/2024	10-04-2024	Modificar a orde dos nomeamentos de tenentes de alcaldesa efectuados por Resolución da Alcaldía núm. 389/2024, do 26 de marzo
458/2024	10-04-2024	Modificar as áreas de goberno creadas por Resolución da Alcaldía núm. 446/2024
459/2024	11-04-2024	Corrección de erros da Resolución da Alcaldía núm. 458/2024, de 10 de abril
460/2024	11-04-2024	Nomear ASS enxeñeiro técnico de obras públicas interino,

		encadrado na escala de Administración Especial, Subescala técnica, clase técnicos medios, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional "A-2" para a substitución transitoria da titular do posto, de conformidade co art. 23.2 b) da Lei 2/2015, do Emprego Público de Galicia
--	--	--

#### **4.- ASUNTOS SOBREVIDOS**

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

#### **5.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formula ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e tres minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

A presidenta

María Dolores Pan Lesta

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo